



DEPUTACIÓN OURENSE
PRESIDENCIA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 9385

Copie

En contestación á petición de data 7 de xuño con nº de rexistro 16857, indícolle que o Plan de Mandato Ourense 15-19 establece a posta en marcha dun procedemento de asistencia e cooperación ás comunidades de propietarios de montes veciñais en man común. Indicarlle que en 2016 será unha realidade este mecanismo de apoio ás xuntas rectoras das comunidades veciñais.

Achégolle copia do decreto de data 14 de maio de 2015 referido a “ contratación dunha asistencia técnica consistente na elaboración dun estudo pormenorizado sobre a situación actual e posibles aproveitamentos dos montes veciñais en man común da provincia de Ourense que conteña un inventario deles”.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 8 de xuño de 2016



O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ, deputada provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.